

Venres, 30 de decembro de 2022

Núm. 249

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
REDONDELA**Oferta de emprego público***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ANO 2022**ANUNCIO**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O ANO 2022*

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2022-2908, con data de 28/12/2022, pola que aprobou a oferta de emprego público do Concello de Redondela, dispoñendo que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. En cumprimento da citada resolución, procédese á publicación da oferta de emprego público do Concello de Redondela para o ano 2022, pola que se ofertan ás seguintes prazas:

-QUENDA LIBRE:*A) PERSOAL FUNCIONARIO, A TEMPO COMPLETO*

PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO
1 (*)	AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL	ADMÓN. XERAL	AUXILIAR	-	-	C2
2	POLICÍAS LOCAIS	BÁSICA	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA LOCAL	POLICÍA	C1

*Praza reservada para persoas con diversidade funcional.

B) PERSOAL LABORAL FIXO, A TEMPO COMPLETO

PRAZAS	DENOMINACIÓN	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO
1	OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A)	OFICIAL	C2
2	OPERARIOS/AS DE LIMPEZA	OPERARIO/A	DISP. ADIC. 6. ^a
1	OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS	OPERARIO/A	DISP. ADIC. 6. ^a



Venres, 30 de decembro de 2022

Núm. 249

*-QUENDA PROMOCIÓN INTERNA:***A) PERSOAL FUNCIONARIO, A TEMPO COMPLETO**

PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO
1	ADMINISTRATIVO/A	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA	-	-	C1

O prazo máximo para a execución dos correspondentes procesos selectivos será de 3 anos a contar dende a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

RECURSOS:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben, directamente, o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, este se deberá resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedentes conforme a Dereito.

Documento asinado electronicamente á marxe.

